

# LAS CORRIENTES

Milagros Mumenthaler, 2025

# 1789

ESTREA EN NUMAX: 10.07.2026 | V.O. | +12 | 104 min

No cumio da súa carreira, Lina, unha profesional da moda de 34 anos, déixase levar por un impulso repentino nunha entrega de premios en Suíza. De volta a Bos Aires non di nada do sucedido, algo nela muda: silencioso e invisible, desentraña sutilmente un pasado que cría ter deixado atrás.

«Un milagre de tenrura, calidez e entusiasmo polo cinema»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Entrevista con Milagros Mumenthaler: «Empecei a tecer o personaxe principal lendo ‘La mujer temblorosa’, de Siri Hustvedt»

**Las corrientes levouche moito tempo: cando xorde a idea inicial e como vai tomando forma?** A primeira idea xorde cunha imaxe que se me vén estando en Xenebra, que é o meu lugar de crianza e onde vou a cada pouco porque a miña familia vive alí. E aí é onde imaxino a unha muller saltando á auga xeadada. A partir desa imaxe xorden as preguntas: foi un acto consciente ou inconsciente? ten familia ou non? vive aí ou está de viaxe?... E empezo a tecer a historia do personaxe.

Ademais, nese momento estaba a ler “La mujer temblorosa”, de Siri Hustvedt no que a autora conta a historia de seu pai, que falecera había un tempo e que era médico. Nun momento vai dar unha charla en homenaxe e mentres está a falar o seu corpo empeza a tremer de xeito moi forte. Pero ela segue falando coma se nada sucedese. Parecíame importante disociar que pasa cando o corpo fai algo que a mente non entende, porque o corpo tamén ten memoria por si só...

**E en que momento chegas ao tema da patoloxía, desa fobia á auga?** Cando unha se imaxina a esa muller caendo á auga. A auga paréceme un elemento moi contradictorio, porque por unha banda é moi relaxante e lúdico e por outro, resulta moi misterioso e tamén xera medo. Parecíame que ese personaxe atopa nas profundidades da auga un momento un tanto pracenteiro que lle lembra a certa sensación de fogar, de pertenza e que iso, máis aló do terrible que poida chegar á ser, sempre é cálido.

**A auga tamén se reflicte en toda a parte da introdución á arte, ao romantismo...** Si, é como sucede ás veces coa auga: que produce distintas correntes. E iso ten un reflexo na estrutura do propio filme que vai tomando distintos camiños. Con respecto ao romantismo, parecíame interesante que, vendo hoxe en día a un personaxe como Lina, o primeiro que pensamos é que cumpriu con todos os mandatos que esixe a sociedade, un tipo de sociedade que se establece na Ilustración, pero que se pode crebar co movemento romántico que veu contrarrestar eses ideais. Ela mesma pregúntase sobre iso na película cando cuestiona que é un acto romántico e se o que fixo foi un acto romántico. É un momento de reflexión no que os pensamentos comezan a disparárselle na cabeza.

**Precisamente, na película fálase dun «modo de sentir romántico».** Si, ela pregúntalle a Julia, a súa asistente, que é un acto romántico e a asistente respóndelle que para ela é un lugar entre a frustración e o desexo; un intermedio. Parecíame importante considerar o romantismo como un movemento que na pintura vén representar o nacemento da arte moderna e do nacemento da figura do autor, en tanto xesto. Gustábame expor unha homenaxe a ese movemento artístico.

**Hai tamén moito xogo coas cores, o vermello e o verde, e cos reflexos, algo que nos leva a Hitchcock e en específico a *Vertigo* (1958) e á procura de identidade dunha muller á que non persegue un home pero si que se está a construír a si mesma...** A película expúxose dunha forma bastante clásica: coa cámara no trípode, con planos fixos, algún paneo e travelling... Concedéndolle valor aos planos. E, si, aí está Hitchcock coas súas postas en escena tan maxistras que non precisan diálogos porque os planos o din todo. Había unha procura que nos leva cara a un mundo máis clásico tamén no xeito no que se mostran certos oficios artesanais que se van a perder (o bordado, a corsetería...) ou lugares que parecen estancados no tempo.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*La mujer temblorosa o la  
historia de mis nervios,*  
Siri Hustvedt.  
Seix Barral